

SECRETARÍA GOBERNO LOCAL

Concellería de SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO



INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN Expte: 1620/1102

Asunto: solicitud de acceso a información pública

ANTECEDENTES

En data 11.06.2023 a [REDACTED] solicita acceso a información en materia de: contratos de obras maiores, Menores e/o como calquera tipo de licitación que poida existir en relación coas actividades "Festival TAC" que se van a desenvolver na Porta do Sol do 13 de xuño ao 14 de xullo de 2024 2) Autorizacións outorgadas para a ocupación da vía pública para as Actividades "Festival TAC" 3) Plan de Autoprotección do "Festival TAC.

En data 28.06.2024 e posterior de data 10.07.2024, previa solicitude, emitíuse informe do Servizo de Patrimonio Histórico.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo

Copia do documento - Concello de Vigo
1696-1102

Data impresión: 11/07/2024 08:49 Páxina 1 de 5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

gobierno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.


A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo gobierno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."



O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

O réxime xurídico previsto para ao acceso á información pública na Lei 19/2013, do 9 de decembro(LTAIBG), os seus límites e o procedemento que ha de seguirse, tan só quedan desprazadas, actuando neste caso como supletoria, cando outra norma legal haxa disposto un réxime xurídico propio e específico de acceso á información nun ámbito determinado, tal e como establece a Disposición adicional primeira apartado segundo da LTAIBG).

SEGUNDO.- Da solicitude formulada.-

A  solicita acceso a información en materia de: contratos de obras maiores, Menores e/o como calquera tipo de licitación que poida existir en relación coas actividades "Festival TAC" que se van a desenvolver na Porta do Sol do 13 de xuño ao 14 de xullo de 2024 2) Autorizacións outorgadas para a ocupación da vía pública para as Actividades "Festival TAC" 3) Plan de Autoprotección do "Festival TAC.

a) Dos contratos de obras maiores, menores e/o como calquera tipo de licitación que poida existir en relación coas actividades "Festival TAC" que se van a desenvolver na Porta do Sol do 13 de xuño ao 14 de xullo de 2024

	Copia do documento - Concello de Vigo 1696-1102	Data impresión: 11/07/2024 08:49 	Páxina 2 de 5
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv			

A vista do informes do Servizo de Patrimonio Histórico de data 28.06.2024 e posterior de data 10.07.2024 resulta que non consta a tramitación de contratos maiores e respecto aos contratos menores remite a consulta do Portal de Transparencia do Concello de Vigo <https://transparencia.vigo.org/?id=118&tipo=ele&ita=0&lang=ga>


O artigo 5.1 da LTAIBG determina que as Entidades Locais están obrigadas a publicar "de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública". E respecto os contratos a letra a) do artigo 8.1 da LTAIBG prevé que as administracións "deberán facer pública, como mínimo", "a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria que se indican a continuación", especificándose na materia que agora interesa o seguinte:

"a) Todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, publicitouse, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. Igualmente serán obxecto de publicación as decisións de desistencia e renuncia dos contratos. A publicación da información relativa aos contratos menores poderá realizarse trimestralmente. Así mesmo, publicaranse datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público"

En materia de contratación o Consello de Transparencia e Bo Goberno en Resolución 152/2020 considera "que la citada finalidade da LTAIBG (conocer cómo se toman las decisiones que les afectan, cómo se manejan los fondos públicos o bajo qué criterios actúan nuestras instituciones) en este caso se garantiza, como la propia reclamante señala, con la previsión contenida en el artículo 8.1.a) de la LTAIBG, que prevé que la información relativa a la materia de "contratos" debe ser publicada de oficio. No, con la pretensión de recurrir la licitación y adjudicación de un contrato de servicios, con independencia del derecho que se tenga a ello y que a este Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no le corresponde valorar, que es una cuestión particular."

En relación aos contratos maiores, segundo informe do Servizo de Patrimonio non constan polo que a información solicitada non te sido elaborada e, en consecuencia, non constitúe información pública nos termos do artigo 13 da LTAIBG. O artigo 18.1.a) da LTAIBG determina que se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes que, entre outras, se refiran a información que estean en curso de elaboración ou de publicación xeral. Neste senso o Consello de Transparencia e Bo Goberno estima que esta causa de inadmisión concorre nos supostos en que no se pode proporcionar a información porque materialmente non se ten (resolucións 11/2015, de 25 de maio, 403/2015 de 21 de xaneiro entre outras).

Respecto aos contratos menores procede facilitar a entidade solicitante o acceso aos contratos menores mediante o seguinte enlace <https://transparencia.vigo.org/?id=118&tipo=ele&ita=0&lang=ga>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/07/2024 08:49	Páxina 3 de 5
1696-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2) Autorizacións outorgadas para a ocupación da vía pública para as Actividades "Festival TAC" .

Por parte do Servizo de Patrimonio Histórico achégase os seguintes acordos:

Acordo da Xunta de Goberno Local de data 16.02.2024 polo que se aproba o convenio a celebrar entre o Concello de Vigo e a Fundación Arquia para o desenvolvemento na cidade do Festival de arquitectura TAC!.

Acordo da Xunta de Goberno Local de data 20.05. 2024 polo que se aproba a programación municipal cultural do FESTIVAL TAC! para as datas 13 de xuño a 14 de xullo de 2024.

3) Plan de Autoprotección do festival TAC!.-

O Plan foi asinado pola empresa contratista Cíes Atlántico, SLU e entregado no servizo de Patrimonio Histórico, pode consultarse no Portal de Transparencia do Concello de Vigo:<https://transparencia.vigo.org/?id=250&tipo=data&ita=0&lang=ga>

Toda vez que a información solicitada constitúe información pública nos termos sinalados no artigo 13 da LTAIBG procede facilitar a información mediante o acceso ao enlace sinalado (art. 22.3 LTAIBG).

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2024.

Polo exposto fórmase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.-Inadmitir a solicitude formulada [REDACTED] en materia de contratos maiores que poida existir en relación coas actividades "Festival TAC" que se van a desenvolver na Porta do Sol do 13 de xuño ao 14 de xullo de 2024 artigo 18.1.a) da LTAIBG

SEGUNDO.- Estimar a solicitude de información formulada pola [REDACTED] en materia de contratos menores, autorizacións que poida existir en relación coas actividades "Festival TAC" que se van a desenvolver na Porta do Sol do 13 de xuño ao 14 de xullo de 2024 e plan de autoprotección achegando os acordos da Xunta de Goberno Local de data 16.02.2024 e 20.05.2024 facilitando o acceso aos seguintes enlaces

<https://transparencia.vigo.org/?id=118&tipo=ele&ita=0&lang=ga>
<https://transparencia.vigo.org/?id=250&tipo=data&ita=0&lang=ga>

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/07/2024 08:49	Páxina 4 de 5
1696-1102	[REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TERCEIRO.- Notificar a solicitante indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.


A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 129 de data 9.07.2024)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/07/2024 08:49	Páxina 5 de 5
1696-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		